

## Acta de reunión

<b>Órgano convocado</b>	Área de Calidade: Xefaturas dos Departamentos non didácticos da área de Calidade e Innovación: DIOP, Relacións con empresas, Acreditación e Calidade.						
<b>Lugar de reunión</b>	Despacho de Vicedirección			<b>Ordinaria</b>	<b>x</b>	<b>Extraordinaria</b>	<b>Urxente</b>
<b>Nº de reunión</b>	1	<b>Data</b>	22/10/18	<b>Hora inicio</b>	11:30	<b>Hora remate</b>	13:00
<b>Moderador/a</b>	Ana González Del Valle						
<b>Secretario/a</b>	Ana González Del Valle						
<b>Propósito</b>	Reunión mensual Outubro 18						
<b>Asistentes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cristina Iglesias Caamiña, Irene Sánchez Arines, Fernando Dacosta</li> </ul>						

## Temas tratados

### 1. Constitución da área de Calidade e Innovación

Constitúese o área coa asistencia de todas as Xefaturas convocadas, excepto a de acreditación (baixa médica).

A Xefa da área indica que a normativa establece que nas reunións da área debe haber un secretario/a encargado de redactar a acta e pregunta se alguén ofrécese voluntario/a. Non hai.

Neste curso cambian os coordinadores de TIC e de proxectos internacionais, ocupando estes cargos Jesús Mujico Martínez e María Carmen Tejjido López, respectivamente.

### 2. Calendario de reunións: reunión da área, reunións dos departamentos que a compoñen e reunións das Xefaturas coa Xefa de área.

A Xefa da área dí que un dos obxectivos para este curso é mellorar a comunicación, e que para isto considera necesario establecer co carácter fixo non só a preceptiva reunión mensual da área, senón tamén un calendario de reunións das Xefaturas dos Dptos integrantes da área coa Xefa da área, xa que a reunión mensual conxunta resulta moitas veces insuficiente para tratar todos os asuntos.

Neste punto os Xefes de Departamento asistentes informan tamén do seu Calendario de reunións.

### 3. Obxectivos dos Departamentos da área para o curso 17-18.

No curso pasado avanzouse a necesidade de mellorar a definición dos obxectivos en canto a que foran realmente obxectivos e non se limitasen a describir as funcións dos Departamentos, e tamén, en canto a que se formulasen de xeito que sexan medibles, definindo tamén os indicadores para isto.

Considérase necesario que todos os Departamentos da área fagan os obxectivos tendo en conta estas indicacións, aínda que dous departamentos xa están facelo. Para facilitar a súa elaboración é recomendable utilizar unha folla de cálculo.

En calquera caso, para este curso traballárase en mellorar a trazabilidade entre os obxectivos dos Departamentos, da área e do Proxecto Funcional.

### 4. Información varia:

Neste curso as coordinacións dependentes do Departamento de Calidade terán un espazo propio para poder atender ao profesorado/alumnado. O calendario de atención estará exposto na porta e colgarase na páxina web no seu respectivo apartado.

#### - Entrega de programacións:

Coméntase a dificultade (casi imposibilidade) en cumprir cos prazos marcados pola normativa.

#### 5. Rogos e preguntas.

Non hai.

### Acordos

1. Actuar como secretaria das reunións da área a mesma Xefa da área.

2. Acórdase o seguinte calendario de reunións:

**Reunión área:** último luns de cada mes, con carácter xeral. Horario: de 11:30 a 13:00 h.

#### **Reunións da Xefa de área coas Xefaturas:**

- DIOP: o primeiro luns de mes (11:30 a 12:00 h)
- CALIDADE: segundo luns de cada mes (1º venres de mes, 11:30 h)
- EMPRESAS: terceiro luns de cada mes
- ACREDITACIÓN: a concretar coa Xefa de Departamento, pero prevese que sexa coincidendo coa reunión coa Xefa do DIOP, xa que afecta a ambos departamentos.

#### **Reunións dos Departamentos da área:**

- **ACREDITACIÓN:** Pendente de informar
- **Relación coas EMPRESAS:** terceiro mércores de mes, 16:30 a 17:00 h
- **DIOP:**
  - Reunión do DIOP: último venres do mes. Horario: 11:30 a 12:00 h.
    - Coordinación de emprendemento:
      - Pendente de concretar o horario de atención ao alumnado.
      - venres, de 12:00 a 13:00 h venres: reunión coa Xefa do DIOP.
- **CALIDADE:**
  - Reunión do Dpto. De Calidade: primer venres do mes. Horario: 11:30 h
  - Coordinacións:
    - Formación do profesorado:
      - xoves, de 12:00 a 13:00 coa Xefa do Dpto. Calidade.
      - martes, de 14:00 a 15:00: atención ao profesorado
    - TIC:
      - mércores, de 17:00 a 18:00 coa Xefa da área
      - martes, de 20:00 a 21:00 h: atención ao profesorado
    - Proxectos Internacionais:
      - xoves, de 12:00 a 13:00 h: atención ao profesorado e alumnado.
      - Pendente concretar a reunión coa Xefa do Dpto de Calidade.

3. Dar publicidade a este calendario de reunións na páxina web do Centro.
4. Definir os obxectivos dos Departamentos da área empregando a folla de cálculo facilitada.

## Anexos

- Non hai.

Visto e prace moderador/a



Asdo.: Ana González Del Valle

O/A secretario/a



Asdo.: Ana González Del Valle